

**Texto do Estatuto do Consello Galego de
Procuradores dos Tribunais da Comunidade Autónoma
de Galicia**



INDICE

Contido	Páxina
Disposicións Xerais	2
Constitución, Natureza, Persoalidade Xurídica e Enderezo	2
Finalidades e Funcións	3
Organización	6
Cargos do Consello	8
Presidente e Vicepresidente	8
Secretario	9
Réxime Económico	12
Relacións coa Xunta de Galicia e cos Colexios	13
Xurisdicción Disciplinaria	14
Disposicións Adicionais	17

Título Primeiro
Disposicións Xerais

Capítulo I
CONSTITUCIÓN, NATUREZA, PERSONALIDADE
XURÍDICA E DIRECCIÓN.

Artigo 1º.

Constitúese con carácter Oficial o **CONSELLO GALEGO DE PROCURADORES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**, integrado polos Colexios de Procuradores de Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo.

Artigo 2º.

2.1.- O Consello Galego de Procuradores da Comunidade Autónoma de Galicia, así como os Colexios que o integran, son Corporacións de Dereito Público recoñecidas e amparadas pola Constitución, a Lei de Colexios Profesionales e as máis das disposicións complementarias.

No seu respectivo ámbito de actuación cada Colexio de Procuradores dos Tribunais é totalmente autónomo e ten, separada e individualmente, personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para cumprir os seus fins e obxetivos, puidendo a título oneroso ou lucrativo, allear, vender, gravar, posuir e reivindicar toda clase de bens e dereitos: contraer obrigas e, en xeral, ser titulares de toda clase de dereitos, exercitar ou soportar calquera acción, reclamación ou recurso en tódalas vías e xurisdicións, mesmo a constitucional, sempre no marco da súa competencia.

2.2.- A representación legal do Consello Galego de Procuradores da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto en xuízo como fora del, recaerá no seu Presidente, quen se acha lexitimado para outorgar poderes xerais ou especiais a Procuradores dos Tribunais.

2.3.- O Consello Galego de Procuradores da Comunidade Autónoma de Galicia, adoptará un emblema expresivo da súa significación e unha medalla corporativa que terán dereito a utilizar os membros do Consello. A



composición do emblema consistirá no cáliz extraído do escudo galego, bordeado polos actuais escudos dos seis Colexios de Procuradores de Galicia.

Artículo 3º.

O Consello terá o seu enderezo na sede do Ilmo. Colexio de Procuradores da cidade de Santiago de Compostela.

Capítulo II FINALIDADES E FUNCIÓNS

Artigo 4º.

O Consello Galego de Procuradores da Comunidade Autónoma de Galicia, terá por finalidade agrupar e coordinar os Colexios integrados nel e asumir a súa representación nas cuestións de interese común perante a Xunta de Galicia e, en xeral, ante calquer Organismo, Institución ou persoa, física ou xurídica, pública ou privada, que sexa necesario para o cumprimento dos seus fins, sen prexuízo da autonomía e competencia de cada Colexio.

Artigo 5º.

No ámbito territorial da súa competencia, terá as seguintes funcións:

5.1.- As atribuídas pola Lei de Colexios Profesionais e cantas outras lle foran encomendadas, por virtude de disposicións xerais ou especiais, sempre que non interfiran a autonomía e as competencias propias de cada Colexio.

5.2.- Aprobar e modificar o seu propio Estatuto e redactar Regulamentos de réxime interior.

5.3.- Formar e manter o censo dos Procuradores dos Tribunais incorporados a tódolos Colexios de Procuradores dos Tribunais de Galicia.



- 5.4.- Fomentar, crear e organizar Institucións, servicios e actividades, con relación á profesión de Procurador dos Tribunais, que teñan por obxecto a formación e perfeccionamento profesional, a promoción cultural, a asistencia social e sanitaria, a previsión, a cooperación e o mutualismo, o fomento da ocupación e outras actuacións convenientes. Establecer para tales fins, os concertos e acordos máis acordes coa Administración e as Institucións ou Entidades públicas ou privadas que correspondan.
- 5.5.- Convocar e celebrar Congresos, Xornadas, Simposiums e actos semellantes.
- 5.6.- Editar libros e traballos de carácter xurídico e informativo sobre la lexislación e xurisprudencia para consulta e publicar as normas e disposicións de interese para os Procuradores dos Tribunais da Comunidade Galega.
- 5.7.- A colaboración cos poderes públicos na realización e pleno desenvolvemento dos dereitos da persoa e das Institucións dentro do seu propio territorio, e na máis eficiente, xusta e equitativa protección, regulamentación e garantía dos dereitos e liberdades da persoa.
- 5.8.- Defender os dereitos dos Ilustres Colexios de Procuradores dos Tribunais de Galicia, así como os dos seus Colexiados, perante os Organismos Autonómicos cando sexa requerido polo Colexio respectivo ou así estea legalmente establecido.
- 5.9.- O exercicio e a xestión daquelas competencias públicas da Xunta de Galicia que lle sexan delegadas ou reciba da mesma.
- 5.10.- Designar representantes nos Consellos e Organismos consultivos da Administración Pública do ámbito de Galicia.
- 5.11.- Coñecer e resolver os recursos que poidan interpoñer os Colexiados de Galicia contra dos acordos dos seus respectivos Colexios. Asimesmo, coñecer e resolver os recursos de reposición que se interpoñan contra do propio Consello.
- 5.12.- Levar un rexistro de sancións que afecten aos Procuradores dos Ilustres Colexios de Galicia.
- 5.13.- Elaborar o seu propio orzamento de ingresos e despesas e contas do mesmo.



5.14.- Fixar equitativamente a cooperación dos Colexios ós gastos do Consello, por aportacións fixas, eventuais ou derramas extraordinarias.

5.15.- Establecer os ingresos propios, segundo as súas necesidades.

5.16.- Realizar, no atinxente ó patrimonio propio do Consello, toda clase de actos de disposición e gravame.

5.17.- Calquera outra función semellante ás contidas nas alíneas anteriores, non expresamente determinada nelas, así como aquelas que lle sexan transferidas ou delegadas polo Consello Xeral dos Ilustres Colexios de Procuradores dos Tribunais.

5.18.- Con carácter anual convocarase unha Xunta Xeral na que o Consello dará conta de tódalas súas actuacións que, poidendo ser, farase coincidir ca celebración do Congreso de Procuradores.



Título Segundo Organización do Consello

Artigo 6º.

O Consello terá a seguinte composición:

1. A Xunta de Goberno.
2. A Presidencia.
3. A Secretaría.

A Xunta de Goberno estará constituída por tódolos Decanos dos Ilustres Colexios de Procuradores dos Tribunais de Galicia, un membro de cada unha das Xuntas de Goberno e os Ex-Decanos inmediatamente anteriores de cada Colexio, coas funcións que se establecen nos Artigos 4º e 5º. Os Decanos serán elixidos por votación de cada Colexio. O membro da Xunta de Goberno será elixido por votación dos membros da Xunta de Goberno de cada Colexio.

Artigo 7º.

A Xunta de Goberno designará o seu Presidente.

A Presidencia desempeñárase anualmente e con carácter rotatorio, polo Decano que corresponda, segundo a seguinte orde resultante da elección efectuada no presente acto constitutivo: **Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo.**

Será Vicepresidente, en cada exercicio anual, o Decano do Ilustre Colexio de Procuradores dos Tribunais a quen lle corresponda a Presidencia no seguinte exercicio.

No suposto de que os Decanos que ostentaran os cargos de Presidente ou Vicepresidente cesasen nos mesmos durante o seu mandato anual, serán automaticamente substituídos para os efectos do Consello polo respectivo Decano que lles sucedese no cargo.

Seguirá desempeñando as funcións de Secretario o Colexiado que o veña realizando de forma provisional. O cargo de Secretario elixírase



cada ano pola Xunta de Goberno, entre tódolos Colexiados de Galicia.

Artigo 8º.

8.1.- Reunirase como mínimo cada catro meses e tantas cantas veces o convoke o seu Presidente, por decisión propia ou a pedimento dunha terceira parte dos Conselleiros.

8.2.- Cada Conselleiro poderá estar representado por un membro da Xunta de Goberno do Colexio respectivo. A representación conferirase por escrito e para cada sesión.

8.3.- A convocatoria do Consello será por **FAX**, o por calquer outro medio técnico que acredite a súa recepción, achegada da orde do día e cursarase pola Secretaría Xeral, tras mandato da Presidencia, polo menos con oito días de antelación, agás casos de urxencia excepcional no que será convocado sen prazo especial de antelación.

8.4.- As reunións do Consello quedarán validamente constituídas cando asistan máis da metade dos seus compoñentes.

Artigo 9º.

Os Acordos tomaranse por maioría simple dos asistentes. Cada un deles terá un só voto, dirimindo o Presidente os empates que resulten das votacións con voto de calidade.



**Título Tercero
Dos cargos do Consello**

**Capítulo I
Do Presidente e Vicepresidente**

Artigo 10º

Correspóndelle ó Presidente:

10.1.- Ostentar a representación do Consello, estando asignado o exercicio de cantos dereitos e funcións lle atribúan o presente Estatuto e nas relacións cos Poderes Públicos, Entidades, Corporacións e persoas xurídicas ou naturais de calquera orde, sempre que se trate de materias de carácter xeral para a profesión, dentro do ámbito do Consello e sexan da competencia dos Organismos Autonómicos.

10.2.- Ostentar a representación do Consello ante o Consello Xeral dos Procuradores dos Tribunais de España.

10.3.- Exercitar as accións que correspondan en defensa de tódolos Ilustres Colexios integrados no Consello Galego e dos seus Colexiados, perante os Tribunais de Xustiza e Autoridades de toda clase, cando se trate de normas, programas ou resolucións de índole xeral para tódolos Colexios da Comunidade, sen prexuízo da autonomía e competencia que lle corresponda a cada Colexio.

10.4.- Convocar, fixar a orde do día e presidir tódalas reunións do Pleno do Consello. Ordenar as deliberacións e abrir, suspender ou levantar as sesións.

10.5.- Presidir e dirixir as deliberacións, abrir, suspender e pechar as sesións dos Congressos, Xornadas e Simposiums que organice o Consello.

10.6.- Visar os documentos e certificacións que expida o Secretario.

10.7.- Dirimir con voto de calidade os empates que resulten nas votacións.



Artigo 11º.

O Vicepresidente substituirá ó Presidente en caso de ausencia, enfermidade ou vacante.

Desempeñará, ademáis, todas aquelas funcións que lle outorgue ou delegue o Presidente.

CAPITULO II DO SECRETARIO

Artigo 12º.

Seguirá desempeñando as funcións de Secretario o Colexiado que o veña realizando de forma provisional. O cargo de Secretario elixirase cada ano pola Xunta de Goberno, entre tódolos Colexiados de Galicia.

Correspóndelle ó Secretario:

12.1.- Extender e autorizar as actas das sesións do Consello. Dar conta das inmediatas anteriores, para a súa aprobación, no seu caso. Informar, se procede, os asuntos que en tales reunións débanse tratar e que lle encomende o Presidente.

12.2.- Executar os acordos do Consello, así como as resolucións que, consonte cos Estatutos, dicte a Presidencia.

12.3.- Informar ó Consello e ós seus membros, con facultade de iniciativa, en todos cantos asuntos sexan da competencia do Consello Galego de Procuradores da Comunidade Autónoma de Galicia.

12.4.- Realizar todas aquelas actividades que conduzan a acadar os fins sinalados nos parágrafos anteriores.

12.5.- Auxiliar na súa misión ó Presidente e orientar e promocionar cantas iniciativas de orde técnico, profesional e corporativo débanse adoptar.

12.6.- Levar os libros de actas necesarios, extender e autorizar as certificacións que procedan, así como as comunicacións e circulares que teñan sido, no seu caso, autorizadas polo Consello ou polo seu Presidente.



12.7.- Formar o censo de Colexiados de Galicia inscritos en cada un dos Colexios, levando un ficheiro rexistro dos datos que procedan.

12.8.- Levar un rexistro de sancións.

12.9.- Redactar a Memoria anual das actividades e proxectos do Consello.

12.10.- Exercer a alta dirección dos servicios que se poidan crear no Consello e calquera outros que lle encomende o mesmo Consello.

12.11.- Asumir a xefatura do persoal administrativo e das dependencias do Consello. Solicitar os informes precisos segundo a natureza dos asuntos a resolver, sen que estes informes sexan vencellantes para o Secretario.

12.12.- Propor e xestionar cantas cuestións sexan conducentes á boa marcha administrativa.

12.13.- Asistir ás reunións da Xunta de Goberno con voz pero sen voto.

Artigo 13º.

Tamén lle corresponden ó Secretario as seguintes funcións de Tesourería:

13.1.- Expedir co visto e praxe do Presidente os libramentos para os pagos que se teñan que facer e subscribir os mandamentos de pago necesarios para o movemento das contas abertas a nome do Consello Galego de Procuradores da Comunidade Autónoma de Galicia.

13.2.- Levar os libros necesarios para o rexistro dos ingresos e gastos que afecten á caixa do Consello e, en xeral, o movemento patrimonial do mesmo.

13.3.- Cobrar tódalas cantidades que por calquer concepto débense ingresar nas contas do Consello, autorizando ca súa sinatura os recibos correspondentes e dar conta ó Presidente e ó Pleno do Consello da situación da Tesourería e do desenvolvemento das previsións orzamentarias.

13.4.- Propor e xestionar cantas cuestións conduzan á boa marcha contable e da inversión dos fondos do Consello.



13.5.- Formular a Memoria económica anual das contas xerais de Tesorería.

13.6.- Elaborar o Proxecto Anual de Presupostos.

Artigo 14º.

No caso de ausencia, enfermidade ou vacante do Secretario, o Presidente nomeará o substituto entre algún membro da Xunta de Goberno.



Título Cuarto
Do réxime económico

Artigo 15º.

O réxime económico do Consello Galego de Procuradores da Comunidade Autónoma de Galicia, é independente da dos respectivos Colexios de Procuradores dos Tribunais integrados nel e cada Colexio será autónomo na xestión e administración dos seus bens, aínda que contribuirán ó orzamento do Consello na xeito que a seguir se sinala.

Artigo 16º.

Para cubrir os gastos do Consello Galego de Procuradores da Comunidade Autónoma de Galicia, este disporá dos seguintes recursos:

16.1.- Das cotas que estableza ós Ilustres Colexios de Procuradores dos Tribunais de Galicia, que serán fixadas en proporción ó número de Colexiados residentes, exercentes e non-exercentes, neles inscritos.

16.2.- As subvencións oficiais e particulares, donativos e legados que o Consello poda recibir.

16.3.- As derramas extraordinarias que o Consello poda determinar por circunstancias excepcionais.

Artigo 17º.

O Consello pechará o exercicio económico cada fin de ano natural e formulará o Proxecto do Orzamento para o ano seguinte, e un balance xeral e a liquidación do Presuposto do ano anterior, someténdoo ó estudio e aprobación do Pleno do mesmo.



Título Quinto
Relacións ca Xunta de Galicia e cos Colexios

Artigo 18º.

O Consello Galego de Procuradores da Comunidade Autónoma de Galicia terá que comunicar á Consellería correspondente da Xunta de Galicia:

18.1.- O texto do seu Estatuto e as súas modificacións para que, trala cualificación da súa legalidade, sexan inscritos e publicados no D.O.G.A. (Diario Oficial de Galicia - Xunta de Galicia).

18.2.- As persoas que integran o Consello coa indicación dos cargos que ocupan.

Artigo 19º.

Os Ilustres Colexios de Procuradores dos Tribunais de Galicia notificarán á Secretaría do Consello:

19.1.- Os seus respectivos Estatutos e modificacións.

19.2.- Os nomes dos compoñentes das súas Xuntas de Goberno.

19.3.- A relación de Colexiados exercentes e non-exercentes, o 31 de Decembro de cada ano, e as altas e baixas que se produzan, con indicación da causa destas últimas, ó obxecto de poder levar o correspondente censo de Procuradores dos Tribunais.

19.4.- As sancións disciplinarias que imponhan.



Título Sexto Xurisdicción disciplinaria

Artigo 20º.

O Consello Galego de Procuradores ten xurisdicción disciplinaria para sancionar as faltas cometidas polos profesionais no exercicio da actividade profesional ou colexial, cando a persoa afectada desempeñe un cargo de goberno no Colexio.

Artigo 21º.

Tamén, cando a persoa afectada teña un cargo de representación ou de goberno no Consello Galego de Procuradores, pero neste caso non poderá tomar parte nas deliberacións nin votar nas Xuntas.

Artigo 22º.

Tamén ten xurisdicción disciplinaria sobre as Xuntas de Goberno dos Colexios que vulneren os preceptos do Estatuto Xeral da profesión, os do Consello Galego de Procuradores ou os do privativo do Colexio respectivo.

Artigo 23º.

O Consello Galego de Procuradores poderá impulsar o inicio de expedientes disciplinarios cuxa competencia corresponda aos Colexios, e recabar información sobre o seu trámite.

Artigo 24º.

Non se poderá impoñer sanción algunha sen previa instrución dun expediente disciplinario. Tamén será necesaria a preexistencia de normas sobre condutas punibles e tipos de sancións que correspondan.

Artigo 25º.

Son infraccións por incumplimento de deberes profesionais ou



colexiais as conductas así previstas no Estatuto Xeral da Profesión de Procurador dos Tribunais, e a súa graduación.

Artigo 26º.

As sancións aplicables quedan indicadas no devandito Estatuto Xeral.

Artigo 27º.

O Presidente do Consello Galego de Procuradores iniciará as actuacións nomeando un Ponente entre os seus membros, o cal practicará as dilixencias informativas previas que considere axeitadas. Se de elo resultaran indicios suficientes, o Pleno do Consello decidirá a apertura do expediente disciplinario e nomeará un Instructor e un Secretario, notificando o acordo ao expédientado, así como tamén as sucesivas resolucións que recaigan salvo as de puro trámite.

O expediente tramitarase de acordo coas normas reguladoras do Procedemento Administrativo.

O acordo resolutorio do expediente terá que adoptarse por maioría simple. A votación será secreta.

Artigo 28º.

A execución das sancións disciplinarias a realizará, nos seus mesmos termos, o Organo que teña tramitado o expediente disciplinario en primeira instancia. O Consello poderá compelelo a facelo e solicitar información sobre os seus trámites.

Artigo 29º.

O sancionado por resolución do Consello poderá solicitar a rehabilitación por causa fundamentada se unha vez completa a sanción tivesen transcurrido: dous meses se a falta fora leve; dous anos se fora grave; catro anos se fora moi grave e cinco se fora sancionada con expulsión. O acordo resolutorio terá que acordarse por maioría simple en votación secreta.



Artigo 30º.

O Consello coñecerá enalzada dos recursos que se plantexen contra os actos e resolucións dos Colexios. Este recurso esgota a vía corporativa.

O recurso de alzada terá que interpoñerse no prazo de quince días dende a súa notificación ao interesado, e terá que resolverse no prazo de tres meses.

Artigo 31º.

Contra os demais acordos do Consello poderase interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, e terá que resolverse no prazo de tres meses. Este recurso será preceptivo xa que considérase esgotada a vía corporativa.

Artigo 32º.

Unha vez esgotada a vía corporativa por resolución expresa ou por silencio, os actos e as resolucións serán obxecto de recurso perante a Xurisdicción Contencioso Administrativa.

Artigo 33º.

Para tramitar os recursos aos que se refiren os tres artigos anteriores, o Consello designará un Ponente entre os seus membros e tomará as decisións por maioría simple. A votación será secreta.



DISPOSICIONS ADICIONAIS

Primeira.- Corresponden ó Consello Galego de Procuradores da Comunidade Autónoma de Galicia a regulamentación, desenvolvemento e interpretación deste Estatuto e velar polo seu cumprimento.

Segunda.- Con carácter supletorio será de aplicación o Estatuto Xeral dos Ilustres Colexios de Procuradores dos Tribunais, en todos aqueles aspectos que non estean contemplados neste Estatuto.

